

DOCUMENTACIÓN SAN VICENTE

3º TRIMESTRE



COMA NOS ANTERIORES TRIMESTRES, CON ESTE DOCUMENTO FAREMOS UN BREVE RESUMO DAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS DURANTE ESTE TRIMESTRE.

ESTE TRIMESTRE COMEZOU CON DÚAS NOVAS INCORPORACIÓNS A AULA DE SAN LOURENZO, POR UN LADO COA NOSA NOVA COMPAÑEIRA CARLA C. E POR OUTRO CO PROFE XABI, QUE ESTARÍA CON NÓS DURANTE TODO O MES DE ABRIL.

O TRIMESTRE TRANSCORREU CON NORMALIDADE, SEGUIMOS COAS NOSAS PROPOSTAS E TALLERES Ó LONGO DAS SEMANAS NAS DIFERENTES ZONAS DE APRENDIZAXE, CON CAMBIOS DE MATERIAIS E A INCORPORACIÓN DE NOVOS MATERIAIS QUE POUCO A POUCO IMOS COÑECENDO, AFIANZANDO COÑECEMENTOS E CONCEPTOS, TENDO MÁIS AUTONOMÍA E O MÁIS IMPORTANTE DE TODO, A IMPORTANCIA DE APRENDER CON ELES A TRAVÉS DO XOGO.

SEGUIMOS INCORPORANDO NOVOS APRENDIZAXES, CO NOSO PROXECTO DOS ANIMAIIS DO BOSQUE, REALIZANDO UN PEQUENO DOSSIER DE INFORMACIÓN COMO TRABALLO FINAL SOBRE ELES, ADEMAIS DE PREPARAR UNHA SUPER MONTAXE COAS EXPLICACIÓNS DE CADA ANIMAL. NESTE TRIMESTRE, TRABALLAMOS O CABALO, A TOUPA, O ESQUÍO, O PORCO BRAVO, O LOBO E O RAPOSO.

TAMÉN, TRABALLAMOS DÍAS ESPECIAIS COMO FOI O DÍA DO LIBRO, OS MAIOS, DÍA DA FAMILIAS, DÍA DAS LETRAS GALEGAS...


TIVEMOS UNHAS VISITAIS MOI ESPECIAIS CO GRUPO GALEGO MUSICAL MIGALLAS E A VISITA DE CHARO PITA. OUTRAS ACTIVIDADES QUE FIXEMOS Ó LONGO DO TRIMESTRE FORON: O COIDADO DA NOSA HORTA, SAÍDAS Ó EXTERIOR, EXPERIMENTOS...

ESTE TRIMESTRE PON FIN A UN ANO COMPLICADO, UN ANO QUE COMEZOU CON MOITO MEDO E INCERTIDUMBRE POLO TEMA DA PANDEMIA, PERO REALMENTE FUMOS UNS SUPER CAMPIÓNS E CAMPIOAS POR COMO O LEVAMOS E COMO NOS COMPORTAMOS Á HORA DE ENFRENTARNOS A ESTE MOMENTO.

TAMÉN HAI QUE DICIR, QUE PARA O ANO QUE VÉN BOTAREMOS MOITÍSIMO DE MENOS A ESES 4 GRANUJILLAS QUE "MARCHAN" PARA O CPI, PERO SABEN QUE AS PORTAS DO CRA SEMPRE ESTARÁN ABERTAS E TEREMOS SEMPRE UN OCO ESPECIAL PARA ELES.

NOVOS MATERIAIS

AS PERLAS MONTESSORI, PERTENCEN A ÁREA DE MATEMÁTICAS, CON ESTE MATERIAL INTRODUCIREMOS OS CATIVOS NO MUNDO DA NUMERACIÓN DE MANEIRA MANIPULATIVA, RELACIONANDO O SÍMBOLO COA CANTIDADE DE PERLAS DE CORES, FAREMOS A PIRÁMIDE NA BASE DO 1 AO 9, CONSTRUIREMOS OS NÚMEROS CO USO DAS PERLAS, TRABALLAREMOS A CUANTIFICACIÓN. GRAZAS A ESTA MANEIRA DE REPRESENTAR A CANTIDADE FAI QUE O NENO/A VISUALICE E TOQUE AS CANTIDADES A TRAVÉS DAS PERLAS. DO MESMO MODO, CADA PERLA TEN UNHA COR SEGUNDO A SÚA CANTIDADE FACENDO POSIBLE A SÚA IDENTIFICACIÓN DE MANEIRA FÁCIL E SEGURA,



OUTRO MATERIAL MOI INTERESANTE, SON **OS CILINDROS DE BOTÓN**,. ESTE MATERIAL PERTENCE A ÁREA SENSORIAL, TRATÁSE DE 4 BLOQUES DE 10 CILINDROS CADA UN, CUN BOTÓN PARA SER COLLIDOS. CON ESTE MATERIAL FAVORÉCESE A ORDE, A CONCENTRACIÓN, A COORDINACIÓN E O USO DA PINZA PARA TOMAR OS CILINDROS SENDO UNHA PREPARACIÓN INDIRECTA PARA A LECTOESCRITURA.

HAY 4 BLOQUES DIFERENTES; CILINDROS QUE DISMINÚEN EN DIÁMETRO E ALTURA, CILINDROS DA MESMA ALTURA PERO CON DIÁMETRO DIFERENTE, CILINDROS QUE DISMINÚEN EN ALTURA PERO DE IGUAL DIÁMETRO E CILINDROS QUE DISMINÚEN EN DIÁMETRO PERO AUMENTAN EN ALTURA.



COS SUMBLOX, DESCUBRIRÁN COAS SÚAS PROPIAS MANS A DESCOMPOSICIÓN DAS SUMAS, RESTAS....SENTIRÁN CADA NÚMERO NA PALMA DA SÚA MAN. ESTES, SON UNS BLOQUES DE NÚMEROS TALLADOS EN MADEIRA, OS CALES FAN SINXELO O APRENDIZAXE DOS CONCEPTOS MATEMÁTICOS COTIDIANOS E MÁIS BÁSICOS A TRAVÉS DO XOGO.

MESMA ALTURA, MESMO VALOR, GRAZAS A QUE CADA NÚMERO TEN UNHA ALTURA PROPORCIONAL A CANTIDADE QUE REPRESENTA OS CATIVOS IRÁN FACENDO IGUALACIÓNS AOS DIFERENTES NÚMEROS.
E POR SUPOSTO COMO MATERIAL DE EXPLORACIÓN É FANTÁSTICO PARA IR FACENDO TORRES, LETRAS, ESCALEIRAS ASCENDENTES O DESCENDENTES, CLASIFICACIÓNS DE NÚMEROS E SOBRE TODO CONSTRUCCIÓNS LIBRES.



A CAIXA DE COR Nº3 DE MONTESSORI, PERTENCE A ZONA SENSORIAL.

ESTA CAIXA TEN 9 GRUPOS DE CORES EN FORMA DE DEGRADACIÓN, É DICIR, 9 CORES DIFERENTES (VERMELLO, ROSA, MORADO, AMARELO, LARANXA, NEGRO, MARRÓN E VERDE) EN DIFERENTES TONO DE MÁIS OSCURO O MÁIS CLARO.

ALGÚNS DOS OBXETIVOS DESTE MATERIAL SON: AGRUPAR ELEMENTOS CUNHA CARACTERÍSTICA SIMILAR (GAMA DE COR), AGUDEZA VISUAL (PERCEPCIÓN E DISCRIMINACIÓN DE CORES), COORDINACIÓN E PSICOMOTRICIDADE FINA, CREATIVIDADE, ORDE, CONCENTRACIÓN, SENTIDO DA ESTÉTICA, VOCABULARIO, LINGUAXE...

A CAIXA DE COR PODERÁ USARSE CON DIFERNTES LÁMINAS DE FOTOS VENDO QUE CORES E TONOS APARECEN, CON DIFERENTES ELEMENTOS DE CORES, FLORES, CO USO DO NONÁGONO (FACENDO A DEGRADACIÓN DE TONALIDADES DAS DIFERENTES CORES)



ÁREA DE LINGUAXE

SEGUIMOS AFIANZANDO NA ADQUISICIÓN DA LECTOESCRITURA A TRAVÉS DE PROCESOS PREVIOS MOI IMPORTANTES COMO SON A PSICOMOTRICIDADE FINA, COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL, CONCENTRACIÓN, ATENCIÓN, PRECISIÓN E PRENSIÓN.

ASÍ COMO TAMÉN A CONCIENCIA FONOLÓXICA, É DICIR, SABER RECOÑECER AS LETRAS POLO SEU SON; O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE ORAL, DANDO A OPORTUNIDADE DE FALAR, DE CONTAR E DE EXPRESARSE. E A EMOCIÓN E CURIOSIDADE DE APRENDER A TRAVÉS DO DESENVOLVEMENTO DE DIFERENTES PROPOSTAS E TALLERES ORGANIZADAS ESTE TRIMESTRE.

DESTA MANEIRA, LEVÁRONSE A CABO PROPOSTAS DE:

-

CONCIENCIA FONOLÓXICA,
ATENCIÓN A TRAVÉS DE
IDENTIFICAR A PRIMEIRA
LETRA DE DISTINTOS
ANIMAIS.



-RELACIONADAS COA NATUREZA E APRENDIZAXE SIGNIFICATIVO SAÍNDO A CONTORNA A OBSERVAR AS FLORES PARA DESPOIS ESCRIBIR AS PARTES DA FLOR

-FORTALECENDO A PSICOMOTRICIDADE FINA, ATENCIÓN, PRECISIÓN, PRENSIÓN E COORDINACIÓN POÑÉNDOLLE A NATURIZO OS SEUS PINCHOS CON PALILLOS.



E TALLERES:

- ESCRIBIR VERBAS FERMOAS DOS NOSOS COMPAÑEROS E COMPAÑEIRAS POTENCIANDO VÍNCULOS E COHESIÓN GRUPAL.

-PASAPALABRA A TRAVÉS DE ADIVIÑAS OS NENOS E NENAS ADIVIÑAN A PALABRA POLA QUE COMEZA A LETRA SINALADA

ÁREA LÓXICA-MATEMÁTICA

XA A COMEZOS DO SÉCULO XX, MARÍA MONTESSORI COMPRENDEU E MANIFESTOU A GRAN IMPORTANCIA DE POTENCIAR O RAZOAMENTO DOS NENOS E NENAS A PARTIR DE MÚLTIPLES ACTIVIDADES MANIPULATIVAS, CON MATERIAIS BASEADOS NA PERPECCIÓN SENSORIAL. ASÍ SE FIXO CÉLEBRE A SÚA FRASE:

"O NENO TEN A INTELIXENCIA NA MAN".

NESTE ÚLTIMO TRIMESTRE, ENTRE OUTRAS, FIXEMOS AS SEGUINTES PROPOSTAS DE TRABALLO:

PROPOSTAS DE NUMERACIÓN, CONTEO E INICIACIÓN Á SUMA E A RESTA

CO OBXECTIVO DE AFIANZAR A **GRAFÍA DOS NÚMEROS**, SEGUIMOS O MODELO DE TARXETAS NUMÉRICAS ELABORADAS CON ELEMENTOS NATURAIS: REPRESENTAR O NÚMERO CON ELEMENTOS NATURAIS, REALIZAR O TRAZO EN BANDEXAS CON ARROZ, AREA, PURPURINA E, SEGUNDO O NIVEL DO NENO/A REALIZAR FINALMENTE O TRAZO EN PAPEL.

TRABALLANDO, ASÍ MESMO A COORDINACIÓN ÓCULO MANUAL E A MOTRICIDADE FINA.



CONTEO CON ELEMENTOS NATURAIS

REPRESENTAMOS OS DEDOS PECHADOS CUNHA MAN DE GOMA EVA, LEVANTAMOS **TANTOS DEDOS COMO** ELEMENTOS NATURAIS TEMOS. TRABALLAREMOS CUNHA MAN OU CON DÚAS E EMPREGAMOS DOUS DADOS, SEGUNDO O NIVEL DO NENO/A.

NESTAS PROPOSTAS DE TRABALLO BUSCAMOS ATENCIÓN, DISCRIMINACIÓN VISUAL, EMPARELLAMENTO E A RELACIÓN UN A UN, ASÍ COMO A INICIACIÓN Á SUMA E Á RESTA.



INICIACIÓN Á MEDIDA

COMPARACIÓN SINGELAS DE LONXITUDES.

REALIZAMOS MEDICIÓNS DE ELEMENTOS NATURAIS, COMO PAUS, FLORES,... FACENDO A COMPARACIÓN CON LISTÓNS DE POLICUBOS, E SEGUNDO O NIVEL DO ALUMNADO, INTRODUCIMOS O USO DO METRO E DA RÉGRA.

ORDENAR É SEMPRE UNHA ACTIVIDADE BÁSICA, ESTANDO ESTREITAMENTE UNIDA Ó DESENVOLVEMENTO DO PENSAMENTO LÓXICO. POLO QUE TAMÉN REALIZAMOS ORDENACIÓNS DE MATERIAIS POLA SÚA LONXITUDE.



SERIACIÓN

DENTRO DO CAMPO DA LÓXICA, XUNTO COA IDENTIFICACIÓN, O EMPARELLAMENTO, A CLASIFICACIÓN E A ORDENACIÓN, TEMOS A **SERIACIÓN**.

NESTA PROPOSTA DE TRABALLO, ADEMÁS DA SERIACIÓN, TRABALLAMOS A DISCRIMINACIÓN DE FORMAS XEOMÉTRICAS, CORES E TAMAÑOS.



DE LÓXICA MATEMÁTICA

NESTE TRIMESTRE REALIZAMOS OS TALLERES DE **SUBITIZACIÓN** PARA O DESCUBRIMENTO DO CARDINAL DE CONXUNTOS, A **IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS** DOS BLOQUES LÓXICOS: COR, TAMAÑO E FORMA, ASÍ COMO O **CAMBIO DE CUALIDADES**, QUE SON A BASE PARA COMPRENDER O SIGNIFICADO DAS OPERACIÓNS.

DE XOGOS LÓXICOS.

COS XOGOS LÓXICOS ESTAMOS TRABALLANDO A MEMORIA, A PLANIFICACIÓN, O CONTROL INHIBITORIO, A TOMA DE DECISIÓNS O RAZOAMENTO, A ATENCIÓN E A PERCEPCIÓN VISUAL ENTRE OUTROS. ALGÚNS SON MÁIS ESPECÍFICOS DE CONTEO, CÁLCULO MENTAL, ORIENTACIÓN ESPACIAL,... TODO ISTO NUN FORMATO MOI DIVERTIDO, XOGANDO COS SEUS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS, HAI XOGOS COOPERATIVOS E OUTROS MÁIS COMPETITIVOS, PERO TODOS FOMENTAN AS RELACIÓNS SOCIAIS, O RESPECTO CARA OS DEMÁIS E A COMUNICACIÓN VERBAL.

ÁREA SENSORIAL

CONTINUAMOS CO APRENDIZAXE MEDIANTE A EXPERIMENTACIÓN E O DESCUBRIMENTO PARA DESENVOLVER OS SENTIDOS.

POR ISO CREAMOS OBRADOIROS E DIFERENTES PROPOSTAS ONDE SE TRABALLAN TODOS OS SENTIDOS A TRAVÉS DE DISTINTAS EXPERIENCIAS DONDE OS NENOS E AS NENAS POIDAN TOCAR, VER, OLER...

ASÍ EMPREGAMOS A LUZ NEGRA, EXCURSIÓNS MULTISENSORIAIS, A CAIXA MISTERIOSA, TAMÉN LEVAREMOS A CABO A INSTALACIÓN.

EXCURSIÓN MULTISENSORIAL

ASÍ FAREMOS EXCURSIÓNS POLO CAMPO OA INTENCIÓN DE OBSERVAR AS CORES, OS CHEIROS E AS TEXTURAS DAS DISTINTAS FLORES E PLANTAS SILVESTRES. E A RECOLLIDA DALGUNHAS PARA CANDO CHEGUEMOS A AULA PROCEDER AO SECADO DAS MESMAS.

NESTA ACTIVIDADE CONSISTE NA OBSERVACIÓN DIRECTA DA NATUREZA E DISTINTOS ELEMENTOS QUE A COMPOÑEN, ADEMAIS DE TRABALLAR OS SENTIDOS DO TACTO, OLFATO E VISTA.



LUZ NEGRA

ESTA ACTIVIDADE CONSISTE NA DISPOSICIÓN DUNHA TIRA LONGA DE PAPEL CONTINUO QUE DISPONEMOS NO CHAN PARA QUE OS CATIVOS POIDAN DEBUXAR PRIMEIRO USANDO SÓ A COR BRANCA, ENCENDEREMOS A LUZ NEGRA PARA VER O RESULTADO.

A CONTINUACIÓN DAREMOSLLE A VOLTA AO PAPEL E UTILIZARÁN CORES FLUORESCENTES BAIXO A LUZ NEGRA.



CAIXA MISTERIOSA

CUNHA CAIXA DE CARTÓN METEREMOS TRES OU CATRO FIGURAS XEOMÉTRICAS NO INTERIOR DA CAIXA TRATANDO DE AVERIGUAR A TRAVÉS DO TACTO A IDENTIFICACIÓN DA FIGURA ELEXIDA.

NA ACTIVIDADE ESTAMOS TRABALLANDO O SENTIDO DO TACTO, AS FIGURAS XEOMÉTRICAS... (TRIÁNGULO, CADRADO, CÍRCULO...)

ADEMAIS, FIXÉRONSE OUTRAS ACTIVIDADES COMO: ESPELLO DE PRIMAVERA, ARTE SILVESTRE, LABORATORIO DE FRAGANCIAS.

ZONA DE CREACIÓN

ESTE TRIMESTRE CONTINUAMOS TRABALLANDO MEDIANTE DIVERSAS PROPOSTAS E TALLERES, A CAPACIDADE EXPRESIVA DOS NEN@S A TRAVÉS DE DIFERENTES ELEMENTOS, FORTALECENDO A CREATIVIDADE E A IMAXINACIÓN, QUE TEÑEN UN PAPEL MOI IMPORTANTE NO PROCESO DE APRENDIZAXE, XA QUE BENEFICIAN O DESENVOLVEMENTO DOS PEQUENOS E POTENCIA O SEU PENSAMENTO CREATIVO, REFLEXIVO E CRÍTICO.

MARCAPÁXINAS.

POLO MES DOS LIBROS FIXEMOS UN MARCAPÁXINAS DECORADO CON RABUÑOSO E MÁXICA



ESTAMPAR PLEGANDO.

CUNHA CARTULINA DOBRADA A METADE E BOTANDO DISTINTAS CORES DE TÉMPERA, O DROBAR CADA NENO FIXO A SÚA CREAÇÃO E VENDO O RESULTADO DECIDIRON QUE TÍTULO PORLLE E QUE ERA O QUE PODÍA REPRESENTAR



COMPOÑEMOS A NOSA OBRA DE ARTE.

A PARTIRES DUN MARCO OS NENOS COMPUXERON A SÚA OBRA EMPREGANDO DIFERENTES
PAPEIS E TEXTURAS

ASÍ DE BONITOS QUEDARON



SOMBRA DE ANIMAIS.

APROVEINTANDO OS
DÍAS DE SOL E O ESPAZO
DO NOSO PATIO, DEMOS A
CADA NENO UN PAPEL NO
QUE COLOCARON A
FIGURA DUN ANIMAL, DE
FORMA QUE A SÚA
SOMBRA QUEDARA
REFLECTIDA. CON LAPIS
DEBUXARON O SEU
CONTORNO E POR ÚLTIMO
COLOREARONE
DECORARON OS SEUS
ANIMAIS.



OS MAIOS

TRÁTASE DUNHA FESTA NACIDA PARA CELEBRAR O CICLO DE MAIO, ÉPOCA DE EXALTACIÓN DA NATUREZA AO COMEZO DA PRIMAVERA, QUE SE CELEBRA DURANTE O MES DO MESMO NOME, XERALMENTE DE CARA AO COMEZO. NO CENTRO TIÑAMOS POR TRADICIÓN CREAR OS NOSOS PROPIOS MAIOS, PERO POLOS MOTIVOS SANITARIOS DE TOD@S SABIDOS ESTE ANO NON PUIDO SER, HOUBO QUE FACER CAMBIOS E TOCOU SAÍR A POR MARGARIDAS Á CONTORNA E CREAR OS NOSOS PROPIOS COLARES E COROAS, UNHA ACTIVIDADE QUE DISFRUTARON UN MONTÓN.



DÍA DO LIBRO

OS LIBROS EN XERAL E OS CONTOS EN PARTICULAR, FORMAN PARTE MOI IMPORTANTE DA VIDA DOS NEN@S A ESTAS IDADES, A TRAVÉS DELES DEPURAN INQUEDANZAS, VIVEN AVENTURAS, VIAXAN A DISTINTOS LUGARES, COÑECEN NOVOS PERSONAXES, BUSCAN INFORMACIÓN... E QUE MELLOR XEITO DE AGRADECERLLES TODO ISTO QUE ADICÁNDOLLES UNHA FESTA. ASÍ O FIXEMOS A SEMANA DO 23 DE ABRIL, ONDE HOUBO MOMENTOS ESPECIAS NA AULA PARA DESFRUTALOS E ADEMÁIS, COMO NON PODÍA SER MENOS, RABUÑOSO DECIDIU FORMAR PARTE DA MESMA A TRAVÉS DUNHA NOVA AVENTURA, NESTE CASO, ACHEGÁBANOS UNHAS PISTAS SOBRE UN CONTO SORPRESA, AGOCHADO NUN LUGAR DA NATUREZA CERCANO AO NOSO COLE... QUE TIÑAVAMOS QUE ATOPAR E POR SUPOSTO, DESFRUTAR!



DÍA DA FAMILIA

O DÍA DA FAMILIA, É O 15 DE MAIO. O CRA QUIXO CONMEMORAR DITO DÍA A TRAVÉS DUN AGASALLO PARA AS NOSAS FAMILIAS, AS CALES SON INDISPENSABLES NO CENTRO, XA QUE SEN ELAS A EDUCACIÓN DOS NENOS E NENAS NON TERÍA SENTIDO.

ELABORAMOS UN MÓVIL CON ELEMENTOS NATURAIS RECOLLIDOS NUNHA SAÍDA A CONTORNA (FLORES, PAUS..). O PRIMEIRO QUE FIXEMOS FOI SECAR A FLORES RECOLLIDAS DURANTE UNS DÍAS, POSTERIORMENTE CADA NENO FIXO TRES FIGURAS CON PLASTILINA/MASA NAS CALES SE PLASMARON AS FLORES SECAS. ASÍ, ELABORAMOS O NOSO PROPIO MÓVIL CON PAUS, E CORDEL. OS NENOS TAMÉN TIVERON A OPORTUNIDADE DE DEDICARLE UNHAS PALABRAS BONITAS AS FAMILIAS A TRAVÉS DUNHA TARXETA.



PROXECTO RÍOS

NESTE TERCER TRIMESTRE, DENTRO DO PROXECTO RÍOS, O OBXECTIVO QUE INTENTAMOS ALCANZAR FOI CO MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DO AUGA, REALIZAR UN OBRADOIRO DE EXPERIMENTOS CON AUGA E A SÚA IMPORTANCIA PARA A VIDA.

TODOS SABEMOS QUE ALGÚNS CORPOS FLOTAN NA AUGA, PERO, CAL É A REGLA QUE NOS PERMITE ENTENDER QUE UN OBXECTO PERMANECE NA SUPERFICIE OU SE AFONDA?

OBSERVAMOS COMO DIFERENTES MATERIAIS TEÑEN COMPORTAMENTOS DIFERENTES NA AUGA.

A FORMA DETERMINA SI FLOTA OU NON.

OS NENOS E NENAS OBSERVARON, MANIPULARON E EXPERIMENTARON ESTAS SITUACIÓNS.



VOZ NATURA

REMATANDO O CURSO CHEGA O MOMENTO DE FACER A COLLEITA, CANTO CRECERON AS NOSAS HORTALIZAS! OUTRAS NON TANTO. NA NOSA HORTA QUEDAN OS AMORODOS, QUE CONTINUAN PRODUCINDO, ASÍ COMO TOMATES E PEMENTOS, CHEGAREMOS A VELOS ANTES DE FIN DE CURSO? ALGÚN XA TEN FLOR, TERÁN FROITO Á VOLTA, EN SETEMBRO?

TODO ISTO CO FIN DE ACHEGAR ÓS NOSOS NENOS E NENAS Á NATUREZA: PARA COIDALA, PRIMEIRO HAI QUE VIVILA E COÑECELA.



LETRAS GALEGAS

O DÍA 17 DE MAIO COMO CADA ANO CELEBRAMOS O DÍA DAS LETRAS GALEGAS. ESTE ANO DITO DÍA FOI EN CONMEMORACIÓN A "XELA ARIAS", UNHA GRAN POETA E ACTIVISTA, QUE AMABA A NATUREZA E A NOSA LINGUA. O SEU DESEXO ERA QUE TODOS OS NENOS E NENAS FALÁNSE EN GALEGO.

NAS AULAS COÑECEMOS A DITA ESCRITORA A TRAVÉS DO XOGO, FACENDO UN GENIALLY, ONDE OS NENOS E NENAS COÑECERON A SÚA VIDA A TRAVÉS DE PUZLES, PREGUNTAS...

GRAZAS A COLABORACIÓN DE DIFERENTES MESTRES PUIDEMOS VISUALIZAR UNHA ENTREVISTA A XELA PROFUNDIZANDO UN POUCO MÁIS NA SU VIDA.



ACTUACIÓN GRUPO MIGALLAS

MARÍA CAMPOS E CARLOS YUS, INTEGRANTES DE MIGALLAS SON UN REVULSIVO DA MÚSICA INFANTIL EN GALEGO.

NESTA OCASIÓN VISITARON INDIVIDUALMENTE, COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN SANITARIA ACTUAL DO COVID-19, CADA UNHA DAS ESCOLAS QUE CONFORMAN O CRA DE MEIS, CANTANDO PARA NÓS.

ENTRE O SEU REPERTORIO DESTACAN CANCIÓNS COMO:

- MIÑA ABUELA MANUELA.
- UNHA VELLA TIÑA UN CAN.
- O MOUCHO.
- QUE COUSA COUSIÑA É
- PAN DE MILLO.
- ETC.



FESTA DA AUGA

APROVEINTADO AS ALTAS TEMPERATURAS NAS ÚLTIMAS SEMANAS DE CURSO CELEBRAMOS UNHA MINI FESTA DA AUGA CON GLOBOS, PISTOLAS DE AUGA, MANGUEIRA.. ONDE NOS REFRESCAMOS E DIVERTIMOS MOITO



OUTROS MOMENTOS

BIBLIO NA RADIO

ESTE CURSO A RADIO VEU A NOSA AULA ONDE GRABAMOS UNS DIVERTIDOS PROGRAMAS FALANDO DOS



VIDEOCHAMADAS

COMO ESTE ANO SON SE PUDO FACER AS XUNTANZAS EN PARADELA, OS NENOS DE 5 ANOS INTERCAMBIARON IDEAS E COÑECERONSE A TRAVÉS DE VISEOCHAMADAS ENTRE AS DIFERENTES AULAS DO CRA.



PATIO

SEGUIMOS DESFRUTANDO E CREANDO MOMENTOS QUE XURDIRON ESPONTÁNEAMENTE NO NOSO PATIO



DESFROTANDO DOS LIBROS



XOGO LIBRE POR EQUIPOS



E ATA AQUÍ ESTE CURSO QUE COMEZAMOS CON INQUIETUDE DEBIDO A SITUACIÓN SANITARIA QUE NOS TOCOU VIVIR PERO QUE ENTR TODOS E TODAS CONSEGUIMOS ACABAR E CHEGAR AO FINAL CON ÉXITO.

DESEXANDO QUE O PRÓXIMO CURSO A SITUACIÓN NOS DEIXE RETOMAR E FACER MÁIS TIPO DE ACTIVIDADES .

AGORA QUEDA DESFRUTAR DO VERÁN PARA VOLTAR CON FORZA O PRÓXIMO SETEMBRO.

FELICES VACACIONÓNS!